

II DESAFÍO GALAICO 2022



PRESENTACIÓN.

Os organizadores do Desafío Oia, San Mamede “Desafío Solidario” e Desafío Vértice, veñen a presentar o **II Desafío Galaico**, que terá lugar ao longo deste 2022. Seguimos coa mesma proposta: reunir as mellores corredoras e corredores, que estean dispostos a disputar estas tres probas: tres desafíos con distancias e desniveis similares.

Cada proba ten a súa singularidade, dificultade, e incluso en canto á meteoroloxía, son distintas: poderase correr co mar de fondo no final do inverno, pasar pola esixente montaña ourensán onde a neve no San Mamede é un incremento da dureza, e terminar este desafío correndo polos montes de Padrón co calor de comezos de setembro.

PARTICIPACIÓN E INSCRICCIÓN.

Neste Desafío poderá participar calquera deportista maior de 18 anos cumpridos o día da 1ª proba (**Desafío Oia**).

A inscrición será individual para cada proba, manténdose as normas, regulamentos, custos etc que cada unha delas poida ter.

Existirá a posibilidade de ter un desconto inscribíndose ás tres probas ao mesmo tempo, quedando neste caso a inscrición ao Desafío Galaico en 45€.

Esta opción haberá que exercela ao inscribirse na 1ª proba (**Desafío Oia**).

CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS E CALENDARIO.

Todas as probas estarán organizadas como ata agora, cas súas características, sendo algunha delas proba da Copa Galega de Carreiras por Montaña.

Distancias: arredor de 21 km en cada carreira

Desniveis acumulados: entorno aos 3.000 m en cada carreira.

1ª Proba

Desafío Oia

Data: 20 de marzo de 2022

Lugar: Concello de Ooa

2ª Proba

San Mamede Desafío Solidario

Data: 22 de maio de 2022

Lugar: Concello de Maceda

3ª Proba

Desafío Vértice

Data: 3 de setembro 2022

Lugar: Concello de Padrón

SISTEMA DE CLASIFICACIÓN.

En cada proba do **Desafío Galaico** realizarase unha clasificación xeral por orde natural de chegada á liña de meta.

A maiores, todos os participantes sumarán un determinado número de puntos segundo o sistema de clasificación exposto a continuación:



O primer posto asignaranselle 100 puntos, a partir de haí restaranse de 2 en 2 puntos ata o 11º posto inclusive. A partir do 11º restaranse de 1 en 1 punto ata chegar á puntuación de 10 puntos, que se aplicará só coa participación na proba e finalizala.

As puntuacións faranse separando homes de mulleres, de xeito que a 1ª muller e o 1º home en entrar en meta obterán 100 puntos.

Disputada a última proba (**Desafío Vértice**), farase o recuento de puntos das tres probas, saíndo unha clasificación absoluta das 3 corredoras e 3 corredores con maior puntuación. Destacar que non é obrigatorio correr as 3 probas para puntuar no Desafío Galaico, aínda que non facelo reduce as posibilidades de acceder ao pódium.

En caso de empate en postos de pódium, resolverase a favor do corredor ou corredera que teña conseguido o mellor posto nas distintas probas.

No resto da clasificación xeral, podrán existir empates nun mesmo posto da clasificación, xa que non están afectados por premios.

PREMIOS.

A entrega de premios farase na clausura do Desafío Vértice, o 3 de setembro en Padrón.

Masculino absoluto:

1º Clasificado- 200€ + regalo conmemorativo

2º Clasificado- 150€ + regalo conmemorativo

3º Clasificado- 100€ + regalo conmemorativo

Feminino absoluto:

1ª Clasificada- 200€ + regalo conmemorativo

2ª Clasificada- 150€ + regalo conmemorativo

3ª Clasificada- 100€ + regalo conmemorativo

Oía, Maceda e Padrón, xaneiro de 2022

